



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Proxecto	Nueva red de abastecimento de agua potable desde San Cristóbal hasta la AC-400. Santa Comba
Plan	POS+2023 (POS+2023)
Código obra	2023.2000.0228.0
Orzamento	133982,96 € (21 % IVE incluído)
Licitación (PLCSP)	2023/C003/000003
Expediente núm.	2023/C003/000003
Procedemento	aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)
Tramitación	ordinaria

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello

Sesión núm.: 2

Tipo de sesión: ordinaria

Data: 23 de agosto de 2024

Hora de comezo: 14:48 h

Hora de remate: 14:53 h

ASISTENTES

- Pablo Negreira Souto, concelleiro de Obras e Servizos, Urbanismo e Mobilidade, presidente
- Evaristo Lois Rama, secretario accidental, (PR da DXAL do 25/03/2021 e PD do alcalde núm. 1199/2024 do 05/08/2024), vogal primeiro
- Francisco Javier Ulloa Arias, interventor municipal, (en comisión de servizos PR da DXAL do 18/01/2024), vogal segundo
- María del Carmen Castro Reborido, xefa do negociado de Tesourería, como secretaria da mesa, con voz e sen voto

ORDE DO DÍA

Acto non público

1. Aprobación da acta da sesión anterior, a núm. 1 do 21/08/2023
2. Emenda documentación sobre A: *documentación administrativa*
3. Acto de apertura dos criterios baseados en xuízos de valor (Sobre B)
4. Rolda de intervencións

O presidente e o interventor municipal asisten e exercitan o dereito de voto por medios telemáticos.



Foi comprobado pola secretaria da mesa o quórum de asistencia que se precisa.

Foi aberta a sesión, non pública, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados arriba.

DEBATE E ACORDOS

1. Aprobación da acta da sesión anterior, a núm. 1 do 21/08/2023

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, de carácter ordinario, a núm. 1, correspondente ao 21/08/2023.

2. Emenda documentación sobre A: *documentación administrativa*

A secretaria dá conta do acordo da mesa de contratación en xuntanza do 21/08/2023 referente ao resultado da cualificación do acto da cualificación do sobre A *Documentación*:

Persoas licitadoras	Resultado da cualificación
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	Admitido
EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L	Admitido provisionalmente
EXCAVACIONES POSE S.L.	Admitido provisionalmente
MANTIDO SL	Admitido

O resultado da cualificación foi comunicada por medio da PLACSP pola secretaria da mesa. No caso das persoas admitidas provisionalmente os motivos da cualificación. Os defectos ou omisións son emendables.

Logo de comprobar que as persoas licitadoras admitidas provisionalmente presentaron os documentos para emendar no tempo e na forma, como consta na *Plataforma de Contratación do Sector Público*, (PLACSP).

Logo de revisar a documentación, a mesa considera que é correcta.

A mesa de contratación, por unanimidade, **ACORDOU**:

1 Declarar admitidas, despois da emenda e de cumprir os requisitos que se esixen no PCAP, as proposición destas persoas licitadoras:

Empresa/s	CIF empresa
-----------	-------------



EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L	B15490527
EXCAVACIONES POSE S.L.	B15626922

- 2 As demais persoas licitadoras admitidas constan na acta da sesión anterior.
- 3 Publicar este acordo na PLACSP.
- 4 Comunicar ás persoas licitadoras.

3. Acto de apertura dos criterios baseados en xuízo de valor (Sobre B)

O presidente manifesta o resultado da cualificación dos documentos presentados e expresa as proposicións admitidas.

O presidente ordena abrir os sobres B: *Referencias técnicas. Criterios non avaliados de forma automática* das empresas admitidas, que o secretario descifra, abre e descarga da PLACSP.

A mesa comproba a documentación que as persoas licitadoras presentan no sobre B:

Empresa licitadora	Programa de traballo 12.B.1)	Actuación ambiental 12.B.2)	Plan de control de calidade 12.B.3)	Esquema do plan de seguridade 12.B.4)
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	Si	Si	Si	Si
EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L	Si	Si	Si	Si
EXCAVACIONES POSE S.L.	Si	Si	Si	Si
MANTIDO SL	Si	Si	Si	Si

Foi acreditado que a documentación que presentan os licitadores está correcta e conforme aos apartados da cláusula 12.B. do PCAP que rexe esta contratación.

A mesa de contratación, por unanimidade, **ACORDOU**:

Achegar aos servizos técnicos designados polo órgano de contratación o sobre B: apartado subtítulo *Referencias técnicas. Criterios non avaliados de forma automática*, para a valorar e emitir un informe técnico debidamente motivado verbo dos factores de adxudicación non avaliados de forma automática, logo de ver a documentación incluída polos licitadores no apartado do arquivo ou sobre electrónico B indicado arriba.

No expediente quedan todas as propostas presentadas.

4. Rolda de intervencións



Non se realiza intervención ningunha.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria da mesa

O presidente da mesa

María del Carmen Castro Reborido

Pablo Negreira Souto

(Documento que se asina electronicamente)